



Este libro encantoume! Marzo 2025

Publicado por GÁLIX | 2.3.25

Recomendamos [Púrpura Tero](#) de [David Cortizo](#)

Púrpura Tero é unha novela que mestura ciencia ficción e fantasía e que afunde os seus alicerces no presente. Tamén é un planeta deserto por mor dunha devastación. A planta que constituía a base da vida nese planeta, a xeralaxia, foi sobreexplotada até a súa extinción. A xeralaxia era a principal fonte de enerxía e posuía poderes especiais. O feito de que sexa unha enerxía obtida a partir dun vexetal fai que o seu valor simbólico medre co paso das páxinas. A elección posibilita unha análise sobre a relación que os humanos temos co resto de seres vivos do noso planeta para evidenciar o poder da ecoloxía. Cada vez que unha planta ou un animal se extingue estamos aniquilando a posibilidade de atopar algunha substancia ou solución que nos permita vivir mellor.

No relato resoan homenaxes a *Star Wars*, *Star Trek*, *Dune* e *Blade Runner*, pero tamén a moitas novelas e películas de serie B. En *Púrpura Tero* atopamos estirpes, clases sociais, castas, privilexios, seres con luz e un mangado de tribos fartas de vivir baixo o xugo dun poder ditatorial contra o que deciden mobilizarse. Nesa loita terán que percorrer os vieiros de ida e volta que comunican a amizade, a camaradería, o desexo e o amor ao abeiro do saber que acumulan os libros, é dicir, a aprendizaxe e a posibilidade de transmitir esa aprendizaxe a futuras xeracións. Mais en *Púrpura Tero* tamén se fala da sinceridade das palabras, dos motivos das insurreccións, de atreverse a compartir e de flores que abrollan no deserto. Os tempos semellan ser chegados.

Álex Mene